



FIN DE ANO: PERO "A FESTA" NON PARA

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Esta última semana do trimestre pecharase cunhas eleccións xerais, nunha campaña electoral onde o ensino público e o profesorado foron obxecto por parte de algúns partidos de propostas irresponsábeis de última hora que queren agochar a realidade máis evidente e innegábel: a diminución alarmante de investimento no ensino público e o recorte brutal do profesorado ao abeiro dunha ideoloxía ben clara e precisa. Na Galiza, por facermos balance e achegalo á "fotografía" de conxunto do Estado, o profesorado do Ensino Público mingou en case dous mil profesionais dende a chegada ao goberno da Xunta do señor Núñez Feijóo, verdadeiro pioneiro nesta "máxica" fórmula das políticas sociais, que o brillante literato portugués Alberto Pimenta sintetizou maxistralmente nunha sentenza demoledora: coidar os mortos e enterrar os vivos, que parece unha homenaxe á política social desta Xunta de Galicia e do goberno estatal do PP.

E neste contexto de improvisación o ensino público vai dixerindo, mal que ben, a LOMCE.

O atropelado da súa implantación, a promulgación de instrucións e decretos en pleno verán, o confuso e impracticábel de moitos dos seus enunciados, derivaron nun comezo de curso polémico e nefasto, cun profesorado afogado por trámites e prazos imposíbeis de cumprir en tempo e forma. A elaboración das programacións converteuse nun exercicio verdadeiramente desmoralizador para boa parte dos profesionais do ensino que, con toda a vontade de facer un bo traballo, se viron condenados ao cansazo e á extenuación, detraendo tempo e folgos e acumulando importantes niveis de ansiedade. Todo isto, conxugado co errático e informe papel da inspección educativa, perdida no seu labirinto coma o xeneral do García Márquez, non sendo quen en moitos casos de dar pautas precisas para o deseño destas novas programacións e mantendo reunións co profesorado que rozaron nalgúns casos o absurdo e o ridículo, pola pobreza de argumentos expostos e pola sensación de improvisación que se deu, nunha fuxida cara diante, adiando a solución dos problemas e evitando a asunción de responsabilidades. Pero agora chega o fin do trimestre e hai un problema máis grande: neste panorama de confusión, intuímos que de haber problemas ou reclamacións será o profesorado unha vez máis culpabilizado, pola súa suposta incompetencia e irresponsabilidade e, neste senso e non noutro é no que cobra peso o famoso "Libro Blanco" de Marina, quen desfila polos faladoiros de todo o Estado como se fora o inventor do caldo.

O STEG entende que todo isto ten un obxectivo ben claro: o deterioro do público para a súa posterior entrega a mans privadas e así contribuír á implantación sen contemplacións dun novo paradigma que explique a educación e a sociedade, conforme á ideoloxía neoliberal e á economía de mercado. Neste camiño a LOMCE e os sucesivos niveis de concreción curricular son ferramentas orientadas a asentar todo un sistema de crenzas, valores e hipóteses onde se conxugan o reaccionarismo, a fe católica e certo ultramontanismo dos Ancares con pinceladas da Serra de Gredos.

No camiño quedaron soterrados importantes avances sociais e educativos e persoas que viron minorizados os seus dereitos.

Cómpre telo presente, polo que puidera pasar, agora que está á volta da esquina "o Nadal"

Permanente do Secretariado Nacional do STEG
decembro de 2015